



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTROS INTEGRADOS
DE FORMACIÓN
PROFESIONAL

Plan de Actuacións para a Igualdade

CIFP A GRANXA

Curso 2025-2026

1.-Contexto normativo

Na actualidade, existe un amplo marco normativo que regula e establece a importancia da educación en materia de igualdade e a necesidade de facer disto un eixo central nos centros educativos.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación, 2/2006, de 3 de maio; establece como principio da educación, no seu artigo 1, "o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero".

No artigo 2 establece que o sistema educativo orientarase á consecuencia de determinados fins, nos que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)".

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina no seu artigo 3.2 que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no seu Capítulo II recolle que o plan de convivencia dos centros educativos integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dunha diagnose previa, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e incluírá actuacións preventivas, educadoras e correctoras.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 17, apartado d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopan infrarepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopan infrarepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

A Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia adica o seu Capítulo IV á educación e establece entre outros aspectos que: haberá unha persoa con formación específica responsable de tratar os temas de igualdade no centro educativo, necesidade de erradicar os prexuízos por cuestións de xénero nos centros educativos, formación específica para o profesorado en temas de igualdade e o fomento das vocacións profesionais femininas non estereotipadas.

O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 constitúe igualmente un documento de referencia para a elaboración deste plan.

Neste sentido, derivados deste marco normativo a Xunta de Galicia presenta dous protocolos de especial relevancia neste ámbito que son, o Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia e o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

2.- Principios fundamentais

Os principios sobre os que se sustenta o presente plan son os seguintes:

- **Valores democráticos:** A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) garante da defensa dos dereitos humanos.
- **“Violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Inclusión:** A educación para a aceptación da diversidade sexual, a inclusión plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.
- **Visibilidade:** dar voz a aqueles colectivos máis minorizados.
- **Equidade:** Promoveranse os medios que garantan un mellor acceso das mulleres aos distintos recursos, asegurando os apoios adecuados ás mulleres en situación de desvantaxe social.
- **Interseccionalidade:** debrá terse en conta como as diferentes categorías: sexo, xénero, etnia, clase social, orientación sexual ou identidade están interrelacionadas e impactan sobre a comunidade educativa.
- **Diversidade territorial:** na comunidade autónoma galega, o grao de urbanización é moi dispar, e afecta de forma notoria á dispoñibilidade de recursos e ao seu acceso, con todo o que isto implica para o apoderamento das mulleres. Pódese producir a exclusión territorial cando coexisten diferenzas significativas entre as súas posibilidades de acceso aos bens e servizos esenciais da sociedade á que pertence e as posibilidades que habitualmente ten o resto da poboación. A exclusión territorial é un factor de vulnerabilidade que se debe medir e valorar na actuación educativa en perfís profesionais con proxección laboral no rural.

3.- Análise da situación do centro

Análise xeral da situación de partida

O CIFP A Granxa é un centro integrado de formación profesional situado no concello de Pontearreas, próximo ao centro neurálxico da cidade de Vigo. A súa oferta formativa confórmana ciclos das familias profesionais de Agraria, Seguridade e Medio Ambiente e Alimentaria e trátase dun centro de referencia nestes sectores. Dende o punto da vista da Igualdade hai un aspecto importante que é necesario ter en conta que é que se trata de sectores profesionais, en xeral, moi masculinizados.

Hai un total de 61 docentes do centro, dos que 42 son mulleres e 12 homes.

No personal non docente hai 17 mulleres e 9 homes.

De modo que a pesar de tratarse de ciclos maioritariamente masculinizados, os formadores/as son mulleres na súa maior parte.

Nos cargos de responsabilidade, tanto equipo directivo como outras coordinacións do centro o número de mulleres é tamén superior ao de homes, con 15 mulleres e 9 homes.

Con respecto ao alumnado matriculado, os datos son os seguintes:

	CICLOS	Mulleres	Homes
G	GB AGROXAR.	5	11
G	GM XARD	10	15
G	GM PR. AGROECO	8	10
G	GM XARD DUAL	7	12
G	GM ACEITES E VIÑOS DUAL	3	3
G	GS PAISAX	9	20
G	GS XEST. FOR	8	27
G	GS ED. AMB	7	11
	GS VITI	10	13
G	GS PCIA	16	5
G	GS XEST. FOR DUAL	0	5
Z	GS VITI	14	23
Z	GS ED. AMB	79	77

O Plan de Igualdade vaise desenvolver desde a concreción anual que se realice conxuntamente convivencia e igualdade; isto é porque o CIFP A Granxa dispón dun Plan de Convivencia e dunha concreción anual do mesmo robusta e que a Comisión de Convivencia, onde converxen os diferentes sectores que conforman a nosa comunidade educativa, é o foro adecuado para isto.

Este curso, igual que no curso pasado, volveuse a solicitar o contrato programa CP Inclúe, coas liñas de actuación: IGUALA-T, CONVIVE-T e EMOCIONA-T.

Contextualización. Análise DAFO

Cuestións internas

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Grupos pequenos de alumnado • Existencia dun Plan de igualdade previo • Profesora con formación específica • Creación dun Grupo de Traballo sobre Igualdade • Número de profesoras superior ao de profesores • Instalacións amplas e variadas que permiten realizar diferentes tipos de actividades 	<ul style="list-style-type: none"> • Estereotipos cunha forte presenza nas familias profesionais que se imparten. • Sector agrario moi masculinizado • Moitos grupos, moi variados e con diferentes horarios • Dificultades na coordinación entre o profesorado debido a ampla oferta formativa e de horarios • Alumnado con pouca implicación nas actividades do centro • Falta de actividades e dunha dinámica previa nesta liña

Cuestións externas

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Normativa específica con referencia expresa á igualdade • Maior concienciación social sobre a importancia deste tema • Alumnas que xa recibiron charlas ou algunha formación nos centros dos que proveñen. 	<ul style="list-style-type: none"> • Estereotipos de xénero fortemente arraigados en zonas rurais • Normalización de comportamentos violentos e estereotipos de xénero • Pouca visibilidade do colectivo LGTBIQ+ • Pouca representación feminina no sector agrícola.

4.- Obxectivos do Plan de Igualdade

- O1: Incrementar a matrícula feminina nos ciclos.
- O2: Facer promoción dos ciclos con especial fincapé na importancia do papel das mulleres
- O3: Favorecer a creación dun grupo de persoas dentro da comunidade educativa implicadas neste tema
- O4: Crear un espazo propio para a difusión de materiais e recursos
- O5: Realizar actividades co alumnado e o resto da comunidade educativa en datas sinaladas

- O6: Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- O7: Aumentar a formación do profesorado en temas de igualdade e diversidade afectivo sexual
- O8: Establecer colaboracións con outras entidades implicadas nestes temas
- O9: Aumentar o fondo bibliográfico da biblioteca adicado a temas de igualdade.

5.- Medidas de actuación nos diferentes ámbitos

- Realizar de actividades formativas para profesorado e alumnado.
- Realizar actividades de sensibilización e visibilización da comunidade LGTBIQ+
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades e documentos do centro.
- Realizar actividades coeducativas arredor de datas do calendario escolar como o 25 de novembro, o 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Creación dun banco de recursos con materiais de diferentes tipos sobre igualdade e diversidade afectivo sexual que estea a disposición do profesorado do centro.
- Incorporar a perspectiva de xénero na documentación organizativa do centro.
- Potenciar a detección precoz e resposta eficaz ante situacións de violencia de xénero ou discriminación.
- Colaborar con entidades da contorna que traballen no ámbito da igualdade e a diversidade sexual
- Mercar libros para a biblioteca con temática ou perspectiva feminista

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- ✓ Promover o **respecto** e do bo trato entre mulleres e homes.
- ✓ Promover o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.
- ✓ Utilizar metodoloxías inclusivas, activas, participativas e **cooperativas**.
- ✓ Potenciar a **corresponsabilidade** na realización das tarefas.
- ✓ Fomentar actividades de **intervención social** na comunidade educativa.

6.- Actuacións concretas

Actividade	Obxectivo	Temporalización
25N: Colocación de cartelería e actividades de aula	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar situacións de violencia de xénero • - Reflexionar sobre a situación das mulleres no mundo 	25 Novembro
Charla con TransMiño	- Visibilizar e empoderar á comunidade LGTBIQ+	3º trimestre
Día das Letras Galegas adicado a Begoña Caamaño destacando o seu papel dentro do feminismo	- Coñecer a figura de Begoña Caamaño vinculado ao feminismo.	17 de Maio
8 de Marzo: colocación de cartelería e actividades de aula	- Reflexionar sobre os estereotipos de xénero	8 de Marzo
Formación para o profesorado sobre a diversidade afectivo sexual na aula	- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado no ámbito da diversidade sexual	3º trimestre
Formación específica do Grupo de Traballo con Prisma Igualdade	- Mellorar a formación do grupo de traballo	2º trimestre
Difusión dos ciclos con perspectiva de xénero	- Visibilizar o traballo das alumnas nestes ciclos e aumentar así a matrícula feminina	2º e 3º trimestre
Intervencións dentro dos programas anteriormente citados	- Romper cos estereotipos de xénero	2º e 3º trimestre

7.- Propostas de visibilización e difusión

Publicidade nas redes sociais e web do centro.

Publicidade no centro educativo.

Promoción mediante prensa e asistencia a eventos, charlas, feiras e ACF.

8.- Medidas de Seguimento

As liñas de actuación desenvoltas no presente plan poden sufrir algún cambio así como poden verse aumentadas co devir do curso.

Todo isto recollerase nos seguimentos trimestrais, e memorial final.

9.- Avaliación

Para iso terase en conta a idoneidade das actuacións así como os indicadores como instrumentos de avaliación, que permitirán obter evidencias e valorar coa maior obxectividade posible.

Segundo se vaian desenvolvendo as actuacións e actividades irase avaliando o produto das mesmas, así como as liñas a mellorar ou ampliar de cara a vindeiros anos.

10.- Revisión e mellora do Plan e conclusións finais

Unha vez desenvoltas as actuacións e actividades do presente plan recolleranse as melloras e propostas a ter en conta. Así mesmo realizarase a fin de curso, na memoria do plan, as conclusións.

